



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

## **RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA DO 14 DE AGOSTO DE 2019**

**2.- Proposta do alcalde en funcións relativa ao nomeamento dos representantes municipais no consello de dirección de COMPOSTELA RUPESTRE.** Designase como representantes á concelleira de Urbanismo, Mercedes Rosón, e á arqueóloga municipal, Dolores Cerqueiro.

**3.- Proposta da concelleira delegada de Mobilidade relativa á autorización da transmisión dunha licenza de taxi.** Autorízase a transmisión da titularidade da licenza número 89.

**4.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa ao servizo de catering e de persoal monitor/coidador de comedor escolar para centros de educación infantil e primaria dependentes do Concello de Santiago de Compostela durante o curso escolar 2019-2020.** Apróbbase o gasto correspondente e a apertura do procedemento de adxudicación, mediante procedemento aberto, establecéndose un gasto máximo de 1.044.850 euros (IVE incluído): 114.994,44 euros (anualidade 2019) + 929.855,56 euros (anualidade 2020). Defínese un prezo máximo para o almorzo de 2,10 euros e de 5,88 euros para o xantar, cantidades ás que hai que engadir o IVE.